

Resolución reitoral pola que se establecen as bases reguladoras dos programas internacionais de mobilidade con fins de estudos e se procede á súa convocatoria para o curso 2025/26

Índice

Preámbulo	3
CAPÍTULO I. Disposicións xerais	3
Artigo 1. Obxecto	3
Artigo 2. Financiamento	3
Artigo 3. Requisitos das persoas solicitantes.....	3
Artigo 4. Acreditación de coñecemento do idioma estranxeiro	4
Artigo 5. Número máximo de mobilidades, duración e destinos	5
CAPÍTULO II. Procedemento de adxudicación	6
Artigo 6. Presentación de solicitudes	6
Artigo 7. Documentación	6
Artigo 8. Prazo de presentación das solicitudes	6
Artigo 9. Listaxes provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas	6
Artigo 10. Ordenación das solicitudes e asignación de destinos	7
Artigo 11. Proposta de adxudicación de destinos, prazo de reclamacións e adxudicación definitiva	8
Artigo 12. Aceptación ou renuncia e alta de conta bancaria	8
CAPÍTULO III. Contrato de estudos	9
Artigo 13. Elaboración e formalización do contrato de estudos	9
Artigo 14. Modificación do contrato de estudos	10
Artigo 15. Modificación do contrato de estudos con ampliación do período de mobilidade	10
Artigo 16. Modificación do contrato de estudos con redución ou interrupción do período de mobilidade.....	11
CAPÍTULO IV. Recoñecemento académico	12
Artigo 17. Recoñecemento académico	12
CAPÍTULO V. Outros trámites	13
Artigo 18. Rexistro, carta de aceptación e matrícula	13
CAPÍTULO VI. Axudas	13
Artigo 19. Axuda económica	13

Artigo 20. Contías e asignación das axudas Erasmus+.....	14
Artigo 21. Contías e asignación das axudas bilaterais	16
Artigo 22. Pagamento das axudas mobilidades Erasmus+.....	16
Artigo 23. Pagamento das axudas mobilidades bilaterais	17
CAPÍTULO VII. Seguros	18
Artigo 24. Seguros	18
CAPÍTULO VIII. Obrigas das persoas adxudicatarias	18
Artigo 25. Obrigas antes da mobilidade	18
Artigo 26. Obrigas durante a mobilidade.....	19
Artigo 27. Obrigas tras rematar a mobilidade	20
CAPÍTULO IX. Incumprimentos	20
Artigo 28. Incumprimentos	20
CAPÍTULO X. Protección de datos	21
Artigo 29. Protección de datos	21
Disposición adicional primeira. Tipos de mobilidade	21
Disposición adicional segunda. Responsabilidade	21
Disposición adicional terceira. Información.....	22
Disposición final primeira. Recursos	22
Disposición final segunda. Eficacia.....	22
ANEXOS	23
ANEXO I. Certificados admitidos para a acreditación do coñecemento de idiomas..	24
ANEXO II. Número máximo de destinos por centro e valoración doutros méritos	25
ANEXO III. Calendario de procedementos	27
ANEXO IV. Aceptación da mobilidade con fins de estudos	29
ANEXO V. Renuncia á mobilidade con fins de estudos.....	31

Preámbulo

A Universidade da Coruña (UDC), como parte do seu compromiso coa política de internacionalización, oferta cada curso académico programas de mobilidade que permiten ao seu alumnado de grao, máster e doutoramento estudar no estranxeiro e recibir un coñecemento académico dos devanditos estudos.

Neste sentido, a UDC participa plenamente no programa Erasmus+ da Unión Europea (fase 2021-2027) cun enfoque en inclusión, diversidade, transformación dixital, sostibilidade do medio ambiente e acción contra o cambio climático. Ademais, conta cun programa propio de axudas económicas para destinos non incluídos nos programas internacionais.

Para a realización e organización destas mobilidades apróbanse as seguintes bases, que desenvolven o disposto no [Regulamento da UDC sobre mobilidade internacional de estudantes](#) (aprobado no Consello de Goberno do 21/12/2012, modificado o 27/02/2014 e o 29/01/2015), e procédese á convocatoria dos programas de mobilidade Erasmus+ KA 131 con fins de estudo e bilaterais que se realizaren durante o curso académico 2025/2026.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Esta resolución establece as condicións e os criterios de selección, en réxime de concorrencia competitiva, de participación do estudiantado da UDC e os seus centros adscritos nos seguintes programas internacionais de mobilidade durante o curso académico 2025/26:

- a) Programa Erasmus+ KA131 con fins de estudo: mobilidade física de longa duración (entre 2 e 12 meses).
- b) Programas “Bilateral SM” e “Bilateral SM específico”: programas propios da UDC de mobilidade bilateral á marxe dos acordos Erasmus+.

Artigo 2. Financiamento

Estes programas de mobilidade financiaranse cos fondos externos da Comisión Europea (proxecto KA131 anos 2024/26 “2024-1-ES01-KA131-HED-000202728”) e os fondos propios da UDC, con cargo á partida orzamentaria xenérica 0402 422D-48000.

Estes importes poderán incrementarse en caso de dispoñibilidade ou incorporación orzamentaria.

Artigo 3. Requisitos das persoas solicitantes

1. Poderá participar nestes programas o alumnado da UDC que cumpra os seguintes requisitos de carácter xeral:

- a) Estar a cursar estudos oficiais de grao, máster ou doutoramento, tanto no momento de presentar a solicitude nos programas como durante o período de estadía na universidade de destino.

b) As materias ou créditos que pretendan cursarse durante a estadía deberán ter o correspondente recoñecemento académico establecido no artigo 17. Para tal fin, a persoa solicitante poderá solicitar información á persoa responsable de relacións internacionais do seu centro.

c) Acreditar o nivel esixido de lingua estranxeira, no momento de presentar a solicitude, segundo o indicado no artigo 4.

d) Non ter aceptado unha praza de mobilidade en calquera dos prazos desta convocatoria, salvo renuncia por parte da persoa interesada. En todo caso, entenderase que renuncia á praza adxudicada nun prazo anterior quen presente unha nova solicitude.

e) Cumprir os requisitos adicionais que establezan as universidades de destino para ser aceptada unha mobilidade. Para tal fin, o estudantado deberá consultar a páxina web oficial da universidade de destino correspondente.

f) Cumprir os requisitos que estableza o centro a que pertenza o/a alumno/a para participar en programas de mobilidade.

2. A participación no programa Erasmus+ está suxeita, ademais, aos seguintes requisitos específicos:

a) O programa Erasmus+ só permite un máximo de doce meses de mobilidade por ciclo de estudos (grao, máster, doutoramento), aínda que esta mobilidade se realizase sen bolsa. Isto inclúe as mobilidades dos programas Erasmus+ Estudos, Prácticas e curta mobilidade.

b) O estudantado deberá cumprir todas as obrigas que impoña o programa Erasmus+. As regras deste programa pódense consultar na páxina web do Servizo Español para a Internacionalización da Educación ([SEPIE](#)).

Artigo 4. Acreditación de coñecemento do idioma estranxeiro

1. As persoas candidatas terán que acreditar, no momento da solicitude, o nivel de coñecemento do idioma estranxeiro en que se impartan as materias do plan de estudos da universidade de destino. Poderán facelo dalgún dos seguintes xeitos:

a) Mediante as certificacións ou diplomas indicados no anexo I.

b) Mediante diploma que acredite ter superado o curso correspondente ao nivel esixido no [Centro de Linguas da UDC](#) ou en calquera centro de linguas da universidade española.

c) Mediante as probas de dominio de idiomas realizadas polo Centro de Linguas da UDC.

2. O nivel que hai que acreditar será o seguinte:

a) alemán, francés ou italiano: nivel A2;

b) inglés: nivel B1;

c) portugués: nivel A1; ou galego: CELGA 4 ou equivalente;

d) outro idioma distinto do inglés, francés, alemán, italiano ou portugués: nivel B1 en inglés;

e) a universidade de destino que sexa socia da Alianza EMERGE: nivel B2 en inglés ou francés.

3. Non se esixirán os requisitos anteriores nos seguintes casos:

a) Alumnado da Facultade de Filoloxía, cando o idioma estranxeiro da súa titulación coincida co idioma estranxeiro de ensinanza na universidade de destino. Este estudantado poderá acreditar o seu nivel presentando unha copia da súa matrícula.

b) Alumnado de titulación con itinerario bilingüe ou titulación internacional oficial da UDC (dobre ou conxunta) que se imparta nunha lingua estranxeira e que inclúa mobilidade internacional como parte do plan de estudos. Este estudantado poderá acreditar o seu nivel presentando unha copia da súa matrícula.

c) Alumnado estranxeiro residente en España con NIE vixente, nativo na/s lingua/s oficial/is do país de destino. Este estudantado terá que acreditar a súa nacionalidade estranxeira e os estudos previos (equivalentes ao nivel de secundaria ou universitarios) realizados na lingua do seu país de orixe.

4. Ademais do nivel de idioma requirido pola UDC, a universidade de destino ou o goberno dese país poderán impor os seus propios requisitos lingüísticos. O incumprimento destes poderá supor o rexeitamento da candidatura e a imposibilidade de efectuar a estadía, mesmo cando a UDC xa concedese a praza de mobilidade.

5. O estudantado do programa Erasmus+ deberá cumprir cos requisitos lingüísticos que esixa este programa. A avaliación inicial do idioma, a través da OLS (Apoio lingüístico en liña), será obrigatoria e realizarase na plataforma electrónica proporcionada pola Unión Europea.

Artigo 5. Número máximo de mobilidades, duración e destinos

1. O alumnado poderá realizar un máximo de dúas mobilidades por titulación (grao, máster ou doutoramento) sempre que ningunha supere os seis meses de duración. De se superar este límite, o/a estudante só poderá realizar unha.

2. As estadías presenciais terán unha duración de entre dous e doce meses. O/a estudante poderá seleccionar un ou varios destinos dentro da oferta de prazas dispoñible no seu centro. O número de prazas e destinos poderá mudar cada ano, polo que se recomenda consultar a [oferta de prazas](#) publicada na páxina web da Oficina de Relaciones Internacionais (ORI).

3. Ao presentar a solicitude, o alumnado deberá ter en conta a data límite que a universidade de destino estableza para o nomeamento das persoas candidatas á mobilidade, que deberá consultarse na páxina web de devandita universidade. Se esa data é anterior á data límite que a UDC fixe para a aceptación de destino, deberase considerar que ese destino xa non está dispoñible.

4. No caso de solicitar unha mobilidade no programa Erasmus+, durante un mesmo curso académico será posible combinar un período Erasmus con fins de estudos cun período Erasmus con fins de prácticas ou un período Erasmus de curta duración, pero nunca de maneira simultánea.

5. O estudantado que solicite destinos en que o calendario académico non coincida co da UDC ou onde o primeiro semestre en destino coincida co segundo semestre na UDC, terá que solicitar unha nova mobilidade semestral na seguinte convocatoria para poder completar o curso nese destino.

CAPÍTULO II. Procedemento de adxudicación

Artigo 6. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente a través do [portal de solicitudes](#), utilizando as credenciais de usuario/a da UDC.
2. O estudantado poderá seleccionar, por orde de preferencia, a/s universidade/s de destino en que desexe realizar a súa estadía, elixindo ata o número máximo que se indica para cada centro no anexo II.
3. O estudantado que desexe solicitar dúas mobilidades semestrais no mesmo curso académico a distintas universidades de destino, especialmente o de titulacións simultáneas (Programación Conxunta de Ensinanzas Oficiais, PCEO), deberá presentar unha solicitude para o primeiro semestre no primeiro prazo desta resolución, e outra solicitude para o segundo semestre no segundo prazo. Este estudantado deberá indicar na súa solicitude a titulación pola que solicita a mobilidade.

Artigo 7. Documentación

1. Xunto á solicitude deberá presentarse unha copia do DNI/NIE, copia de matrícula e acreditación de coñecemento do idioma estranxeiro, segundo o establecido no artigo 4.
2. O estudantado matriculado en programas de doutoramento terá que presentar:
 - a) A memoria do proxecto de investigación que se realizará durante a estadía internacional, asinada polo/a directora/a de tese (máx. 3.500 caracteres).
 - b) Unha carta de invitación do profesor ou profesora responsable na universidade de destino, que inclúa as datas da estadía e a conformidade coa memoria do proxecto de investigación proposto.
3. O estudantado con nacionalidade estranxeira deberá ter a tarxeta de identidade de estranxeiro (TIE) en vigor desde o momento da solicitude da mobilidade ata o final desta.

Artigo 8. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación desta resolución no [Taboleiro Electrónico Oficial](#) (TEO) da UDC e finalizará ás 23:59 horas do día indicado no anexo III.

Artigo 9. Listaxes provisorias e definitivas de persoas admitidas e excluídas

1. Unha vez que remate o prazo de presentación de solicitudes, a ORI examinará a adecuación das solicitudes ao previsto nos artigos anteriores e procederá á publicación na súa [páxina web](#) das listaxes provisorias de solicitudes admitidas e excluídas.

Nesta publicación indicaranse os motivos de exclusión e concederáselles ás persoas afectadas un prazo de emenda de 10 días hábiles para emendar os erros e a falta de documentación a través do [Rexistro electrónico](#). Transcorrido este prazo sen que se emenden os erros ou se achegue a documentación indicada, considerarase que a persoa afectada desiste da súa solicitude.

2. Serán inadmitidas as solicitudes do estudantado que incumpran o establecido nos artigos 3, 4 e 5 ou non reunisen o establecido nos artigos 6, 7 e 8.

3. A ORI publicará na súa [páxina web](#) as listaxes definitivas de persoas admitidas e remitirá as solicitudes aos centros.

Artigo 10. Ordenación das solicitudes e asignación de destinos

1. Unha vez que se reciban as solicitudes das persoas admitidas nos centros, a persoa responsable de relacións internacionais de cada centro comprobará a dispoñibilidade de prazas nos destinos solicitados e confirmará que existen materias de estudo suficientes para a elaboración do contrato de estudos.

2. A administración do centro ordenará as solicitudes segundo a nota media do expediente académico, que se calculará de acordo co sistema vixente no momento de se publicar esta resolución.

No caso do estudantado de primeiro curso de grao que solicite unha mobilidade con fins de estudos no primeiro prazo desta resolución, e do que non figure cualificación no seu expediente académico, tomarase como referencia a nota media obtida nas probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU), coa correspondente ponderación sobre 10.

Respecto do estudantado de máster, tomarase como referencia a nota media do grao que lle deu acceso a eses estudos.

No caso do estudantado de doutoramento, tomarase como referencia a nota media obtida no último máster cursado antes de entrar no programa de doutoramento.

3. A comisión de relacións internacionais do centro poderá outorgar ata un 5 % da puntuación total en concepto de “outros méritos”, de conformidade co disposto no anexo II.

4. As prazas de mobilidade dispoñibles serán asignadas ás persoas solicitantes segundo a puntuación obtida, asignando un único destino por persoa e prazo de convocatoria.

En caso de empate entre dúas persoas, asignarase a praza a quen faga unha estadía de maior duración. Se este criterio non permite o desempate, daráselle preferencia a quen teña aprobados máis créditos da súa titulación. De persistir o empate, asignarase a praza a quen certifique un nivel máis alto no idioma no que vai desenvolver as súas actividades académicas na institución de destino. De continuar co empate, a praza asignaráselle a quen teña máis matrículas de honra; e se ambas as persoas teñen as mesmas, á que obteña máis sobresalientes, e así sucesivamente ata conseguir o desempate.

5. Non se asignarán os destinos en que a persoa solicitante non acredite o nivel de idioma esixido nin aqueles que, a xuízo da comisión de relacións internacionais do centro, non

garantan o recoñecemento académico, de conformidade co establecido no artigo 13 do [Regulamento de mobilidade internacional da UDC](#).

6. As persoas solicitantes ás que non se lles asigne praza en ningún dos destinos solicitados serán consideradas suplentes do seu primeiro destino elixido, sempre que non exista previamente outro/a suplente xa asignado/a.

De contaren todas as universidades da súa elección con suplentes, asignaráselle a condición de segundo/a suplente nalgunha delas seguindo o criterio para as primeiras suplencias, e así de modo sucesivo para as terceiras e cuartas suplencias.

7. A relación ordenada de destinos asignados e as suplencias será remitida pola administración do centro á comisión de relacións internacionais para a súa aprobación.

Artigo 11. Proposta de adxudicación de destinos, prazo de reclamacións e adxudicación definitiva

1. De conformidade co disposto no artigo 2.4 do [Regulamento de mobilidade internacional da UDC](#), a persoa responsable de relacións internacionais do centro elaborará a proposta de adxudicación de destinos.

2. Esta proposta será publicada na páxina web do centro e da ORI e abrirase un prazo de cinco días hábiles para presentar reclamacións a través do Rexistro electrónico da UDC.

3. A comisión de relacións internacionais do centro resolverá as reclamacións e a persoa titular do decanato/dirección do centro ditará unha resolución de adxudicación definitiva de destinos.

4. A resolución de adxudicación de destinos será publicada na páxina web do centro e da ORI. Contra ela poderá interporse un recurso de alzada, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). O/a vicerreitor/a con competencias en materia de internacionalización resolverá o recurso por delegación do/a reitor/a.

A resolución de devandito recurso esgotará a vía administrativa e contra ela só caberá un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 8 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA).

Artigo 12. Aceptación ou renuncia e alta de conta bancaria

1. Tras a publicación da resolución de adxudicación de destinos, o estudantado seleccionado deberá aceptar ou renunciar á praza.

Para tal fin, remitirase un correo electrónico ás persoas adxudicatarias, en que se pedirá a aceptación ou a renuncia ao destino adxudicado. No prazo indicado no anexo III, a persoa adxudicataria deberá remitir a aceptación (anexo IV) ou a renuncia (anexo V) a un dos seguintes enderezos de correo electrónico: outgoing.rrii@udc.gal (para centros del campus da Coruña) ou riferrol@udc.gal (para centros do campus de Ferrol).

En caso de non se recibir a aceptación ou renuncia en prazo, entenderase que se renuncia á praza, que será adxudicada á persoa suplente.

2. No prazo indicado no anexo III, o estudantado que sexa solicitante de axudas financeiras Erasmus+ ou bilaterais deberá dar de alta a conta bancaria onde desexa recibir as devanditas axudas. Para iso, o estudantado terá que entrar, co seu certificado dixital, na [Sede Electrónica](#) da UDC, deberá seleccionar a opción "[Xestión económica](#)", a continuación, "[Alta/baixa/modificación terceiros](#)", e premer en "Iniciar trámite" onde cubrirá os datos solicitados e anexará os seguintes documentos:

a) Copia do DNI/NIE.

b) Certificación orixinal do IBAN da conta bancaria española do/a solicitante é titular ou cotitular.

De non se realizar este trámite correctamente dentro do prazo establecido, a persoa seleccionada non recibirá as axudas financeiras Erasmus+ ou bilaterais e a súa mobilidade será considerada como "bolsa cero" (sen axuda financeira).

3. Se o/a estudante opta pola modalidade de viaxe ecolóxica (artigo 20.5 destas bases), deberá indicalo no momento de aceptar a praza marcando a casa correspondente no anexo IV.

4. O estudantado de menos oportunidades, no momento de aceptar a praza, deberá presentar a documentación correspondente (artigo 20.6 destas bases) para acreditar a súa situación. Alternativamente, poderá autorizar á ORI para que verifique esta situación a través da súa matrícula da UDC, marcando a casa que corresponda no anexo IV.

En todo caso, a situación de menos oportunidades deberá estar vixente durante toda a duración da mobilidade.

5. Unha vez recibida a aceptación, a ORI comunicará o nomeamento do/a estudante á universidade de destino, nos prazos establecidos no anexo III.

CAPÍTULO III. Contrato de estudos

Artigo 13. Elaboración e formalización do contrato de estudos

1. Antes de se rexistrar na universidade de destino, o/a estudante elaborará, baixo a supervisión da persoa responsable de relacións internacionais do centro ou director/a da tese de doutoramento, un contrato de estudos onde se indicarán as materias e os créditos que cursará na universidade de destino e aquelas recoñecidas pola UDC.

2. O estudantado seleccionado para o intercambio Erasmus+ deberá formalizar o seu contrato de estudos de maneira dixital (*Online Learning Agreement*) a través de Erasmus sen papeis (EWP), seleccionando a modalidade "Semester(s)".

No caso de estudantes bilaterais o contrato de estudos poderá formalizarse en versión PDF.

3. Ademais das materias e cursos indicados no primeiro apartado, no contrato poderán incluírse materias virtuais que se impartan durante a súa mobilidade.

4. No caso de mobilidades bilaterais en que o contrato non se formalice en versión EWP, o/a estudante deberá remitir á ORI e á persoa responsable de relacións internacionais do

centro unha copia do contrato de estudos asinada polos/as anteriores e pola universidade de destino.

5. A entrega do contrato de estudos na ORI é un requisito imprescindible para poder realizar a mobilidade.

Artigo 14. Modificación do contrato de estudos

1. Con carácter xeral, poderá modificarse o contrato de estudos unha vez por semestre, sempre que se solicite dentro do primeiro mes desde o inicio das actividades académicas en destino e sexa autorizada pola persoa responsable de relacións internacionais do centro.

Para estes efectos, enténdese por inicio das actividades académicas a data que figure no certificado de chegada, que se corresponde co primeiro día en que o/a estudante debe estar presente na institución de acollida (primeiro día de clase, primeiro día de traballo, acto de benvinda ou inicio de cursos de idiomas).

2. Excepcionalmente, por causas plenamente xustificadas e alleas á vontade do/a estudante, a ORI poderá autorizar outras modificacións adicionais do contrato de estudos.

3. A persoa responsable de relacións internacionais autorizará a modificación e remitirá o contrato modificado á administración do centro para que, no seu caso, se faga a xestión de cambio de matrícula. A administración do centro remitirá á ORI e ao/a estudante o documento de modificación do contrato con todas as materias que o/a estudante cursará de modo definitivo no centro de destino, xunto cos seus equivalencias na UDC.

4. En toda modificación do contrato o/a estudante deberá solicitar na administración do centro os cambios pertinentes na súa matrícula.

Artigo 15. Modificación do contrato de estudos con ampliación do período de mobilidade

1. Sempre que exista un acordo coa institución de destino, poderase conceder unha ampliación do período de mobilidade previsto por un semestre adicional. As ampliacións aprobadas polo centro e recibidas na ORI ata o 10 de novembro terán preferencia para a repartición económica con cargo ao exercicio de 2025, dependendo da dispoñibilidade orzamentaria.

A ampliación do período de mobilidade comportará unha modificación no contrato de estudos e unha emenda ao convenio financeiro. A ampliación do período de mobilidade estará suxeita ao cumprimento do mínimo de créditos que recolle o artigo 17 destas bases, e á sinatura da emenda ao convenio financeiro. Unha vez asinada a emenda ao convenio financeiro, non se admitirá unha redución de estadía. O incumprimento de calquera destas dúas obrigas implicará a cancelación de oficio da ampliación da estadía.

2. O procedemento para solicitar esta modificación será o seguinte:

a) O/a estudante deberá solicitar a ampliación do período de mobilidade á persoa coordinadora académica do seu centro, no prazo dun mes desde o inicio das actividades académicas do primeiro semestre en destino.

- b) A persoa responsable de relacións internacionais do centro remitirá o contrato modificado á administración do seu centro, para realizar o cambio de matrícula.
- c) O/a estudante deberá solicitar na administración do centro os cambios que procedan na súa matrícula.
- d) As administracións dos centros terán que remitir a modificación do contrato á ORI nun prazo máximo dunha semana desde a sinatura do documento pola persoa responsable de relacións internacionais do centro.
- e) A ORI remitiralle ao/á estudante por correo electrónico a emenda do convenio financeiro, coa indicación de se a ampliación da estadía leva aparellada unha axuda económica ou non.
- f) O/a estudante terá que enviarlle á ORI a emenda asinada no prazo que se lle indique no correo electrónico.
- g) A administración do centro rexistrará no expediente do/a estudante o contrato modificado coa sinatura das tres partes (estudante, coordinadoras UDC e destino), e remitiralle unha copia ao/á estudante do documento de modificación/ampliación, como confirmación do cambio de matrícula.

Artigo 16. Modificación do contrato de estudos con redución ou interrupción do período de mobilidade

1. En caso de redución da estadía de dous semestres a un semestre, o procedemento e as condicións será similar ao da ampliación sempre que se solicite a redución durante o primeiro mes da estadía. O/a estudante deberá eliminar do seu contrato as materias da UDC das que se queira examinar no segundo semestre do curso.

Esta redución terá efecto sobre o convenio financeiro, tal e como se indica en artigo anterior. Unha vez asinada a emenda ao convenio financeira, non se admitirá unha ampliación de estadía.

2. En caso de interrupción do período de mobilidade antes da fin das actividades académicas previstas inicialmente, tanto para mobilidades anuais como semestrais, o/a estudante deberá comunicar esta situación á ORI e ao coordinador/a de mobilidade internacional do seu centro. Nestes casos non procederá a modificación do contrato de estudos.

Sempre que se cumpriran un mínimo de 2 meses de estadía, o/a estudante deberá cubrir o seu certificado de fin de estadía coas datas finais desta, e a ORI procederá a axustar proporcionalmente o importe da bolsa concedida, a través dunha emenda ao convenio financeiro.

En caso de non cumprir cunha estadía mínima de 2 meses en destino, considerarase unha interrupción da mobilidade e o/a estudante deberá devolver o importe íntegro da axuda económica recibida.

CAPÍTULO IV. Recoñecemento académico

Artigo 17. Recoñecemento académico

1. As materias ou créditos incluídas no contrato de estudos serán obxecto de recoñecemento académico e serán unicamente obxecto de avaliación e cualificación na institución de destino durante o curso académico en que se desenvolve a mobilidade.

No mesmo curso académico, o/a estudante non poderá examinarse destas materias na UDC, a non ser que modifique o contrato de estudos no prazo correspondente e as elimine deste de conformidade co disposto no capítulo III destas bases.

2. O/a estudante que xa sexa avaliado/a nalgunha materia no primeiro semestre do curso 2025/26 na UDC non poderá incorporar a devandita materia ao contrato de estudos que rexe a súa mobilidade no segundo semestre dese mesmo curso académico.

3. No caso do estudiantado de grao ou máster, o número de créditos obxecto de recoñecemento estará suxeito ao límite máximo establecido pola institución de destino que, en xeral, será de 60 ou 30 ECTS para estadias anuais ou semestrais, respectivamente.

No caso de que a universidade de destino permita superar o límite anterior, rexerá a normativa de xestión académica da UDC, onde se fixan como límite de recoñecemento 78 e 39 ECTS para estadias anuais e semestrais, respectivamente. No caso de titulacións simultáneas ese límite elévase a 90 e 45 ECTS para estadias anuais e semestrais, respectivamente.

O número mínimo de créditos obxecto de recoñecemento será de 18 ECTS para estadias semestrais (4-7 meses) e de 36 ECTS para estadias anuais (7-12 meses).

O mínimo de créditos semestral poderase reducir, única e exclusivamente, cando o/a estudante supere todos os créditos da súa titulación e soamente lle quede por aprobar o traballo de fin de grao ou de fin de máster; ou o traballo de fin de grao ou de fin de máster e unha ou varias materias adicionais. Nestes casos as estadias deberán ter carácter trimestral se o número de créditos restante é inferior a 10. Poderán ser semestrais se o devandito número é igual ou superior a 10 pero inferior a 18, e serán admisibles con carácter anual cando o número sexa superior a 30.

Os límites recolleitos neste apartado estarán referidos ao número de créditos que suman as materias da UDC obxecto de recoñecemento.

4. Para o estudiantado de doutoramento considerarase estadia trimestral para desenvolver un proxecto investigador aquela que supoña un esforzo equivalente a 15 créditos, unha estadia semestral a equivalente a 30 créditos e unha estadia anual a equivalente a 60 créditos.

O recoñecemento académico deste esforzo realizarase de conformidade co establecido no regulamento de doutoramento da UDC.

O estudiantado de doutoramento deberá entregar unha avaliación final da súa estadia asinada polo/o titor/a da universidade de destino, que conteña unha descrición da actividade realizada durante a estadia e a dedicación en horas semanais.

5. Para poder proceder ao recoñecemento académico oficial, unha vez finalizada a estadía, o/a estudante deberá solicitar á institución de destino a expedición dunha certificación académica orixinal acreditativa dos estudos realizados, coa denominación das correspondentes materias ou actividades, os créditos obtidos e a cualificación conseguida. Esta certificación orixinal deberá ser entregada na ORI.

6. A ORI remitirá a certificación orixinal á persoa responsable de relacións internacionais do centro, que cubrirá unha acta de recoñecemento de créditos coas cualificacións equivalentes, e presentaraa na administración do centro xunto co certificado orixinal de cualificacións; remitirá copia de toda esta documentación á ORI.

7. Sen prexuízo do establecido nos apartados anteriores, a universidade de destino pode esixir tamén, como condición para a aceptación da mobilidade, a necesidade de cursar un número determinado de créditos por período de mobilidade; e pode, así mesmo, rexeitar estadias de duración inferior a un semestre.

CAPITULO V. Outros trámites

Artigo 18. Rexistro, carta de aceptación e matrícula

Unha vez aprobado o contrato de estudos pola persoa responsable de relacións internacionais do centro, o estudantado terá que realizar os seguintes pasos:

a) Rexistrarse como estudante de intercambio na universidade de destino, dentro do prazo estipulado por esta. Xunto coa documentación requirida, incluírase necesariamente o contrato de estudos. Esta formalización do rexistro, en tempo e forma, é unha responsabilidade exclusiva do/a estudante.

b) Solicitar a súa carta de aceptación na universidade de destino e entregar unha copia na ORI. Caso de non dispor de carta de aceptación, admitirase o contrato de estudos asinado pola persoa representante da universidade de destino.

c) Formalizar a súa matrícula na UDC, segundo o que se estableza na normativa académica e nos prazos oficiais de matrícula. Ao formalizar a matrícula, deberá entregar unha copia do contrato de estudos na administración do seu centro e remitir unha copia da matrícula á ORI.

CAPÍTULO VI. Axudas

Artigo 19. Axuda económica

1. O estudantado seleccionado para unha mobilidade será convocado pola ORI para asinar o convenio financeiro antes da súa incorporación á universidade de destino, con independencia de se ten ou non dereito á axuda económica. Unha vez asinado este convenio, entregaráselle unha certificación en que constará o seu status de estudante de intercambio. De non se formalizar o convenio, o/a estudante perderá os seus dereitos como estudante de intercambio.

2. A axuda económica concedida, tanto para mobilidade Erasmus+ como Bilateral, pagarase en dous prazos: o 80 % da axuda pagarase no primeiro prazo e o 20 % no segundo.

O pagamento do segundo prazo tramitarase como máximo nun prazo de 15 días desde a data que aparece no certificado de fin de estadía emitido pola universidade de destino. En todo caso, a data límite será o 15 de marzo de 2026 para mobilidades do primeiro semestre e o 15 de xullo de 2026 para mobilidades anuais ou do segundo semestre.

2. O/a estudante recibirá a axuda económica sempre que cumpra as obrigas que se establecen no capítulo VIII destas bases. O incumprimento destas obrigas poderá supor a non percepción do segundo prazo da axuda, a devolución total da axuda recibida e a revogación do recoñecemento académico correspondente.

Artigo 20. Contías e asignación das axudas Erasmus+

1. O/a beneficiario/a dunha mobilidade Erasmus+ con fins de estudos poderá recibir unha axuda financiada conxuntamente pola Comisión Europea e pola UDC, pola duración da mobilidade presencial en destino, cuxo importe está definido polo SEPIE no momento da sinatura coa UDC do convenio para o curso 2025/26.

Os importes das axudas de apoio individual e adicionais para estudantes con menos oportunidades están dispoñibles na [páxina web da UDC de Erasmus+](#).

Estas axudas son compatibles con outras complementarias para os mesmos efectos, e en particular cos fondos que a Xunta de Galicia ou outras institucións poidan prever, en uso das súas atribucións, para financiar as estadías no marco do programa Erasmus+.

2. A asignación das axudas realizarase pola ORI a través dunha listaxe única por resolución, con todo o estudiantado da UDC que teñan adxudicada e aceptada con carácter definitivo unha praza de mobilidade internacional para o curso 2025/26. Isto farase para cada prazo desta resolución de mobilidade. A resolución que contén a asignación das axudas publicárase na páxina web da ORI antes de formalizar os convenios financeiros co estudiantado de mobilidade Erasmus+.

3. A vicerreitoría con competencias en materia de internacionalización poderá reservar unha parte do importe total da subvención Erasmus+ para conceder axudas ao estudiantado de máster da UDC, dado que o período de admisión e matrícula para os másteres ten un calendario distinto á publicación da resolución do SEPIE.

4. Se tras o cómputo dos gastos finais xustificadas polas persoas beneficiarias das axudas para mobilidades Erasmus+ con fins de estudos, quedase algún remanente de fondos dispoñible na aplicación orzamentaria, estes fondos poderán destinarse a persoas adxudicatarias dunha mobilidade deste tipo con «bolsa cero», a condición de que non finalicen a súa estadía. A asignación desta axuda estará suxeita á sinatura dunha emenda ao convenio financeiro.

5. O programa Erasmus+ define como viaxe ecolóxica aquel que utiliza medios de transporte con baixas emisións no tramo principal do traxecto (desde a cidade da universidade de orixe até a cidade da universidade de destino), por exemplo, o autobús, barco, ferrocarril ou automóbil eléctrico ou compartido. Este tipo de viaxes serán susceptibles dunha axuda adicional, así como un máximo de 4 días de financiamento adicional. O/a estudante terá que manifestar o seu interese por realizar unha viaxe ecolóxica no momento da aceptación da súa mobilidade.

6. Se o/a estudante pertence ao colectivo de menos oportunidades, segundo o establecido na [guía do programa Erasmus+](#), poderá beneficiarse de financiamento adicional para a súa mobilidade. Esta condición aplicarase aos/ás estudantes que acrediten documentalmente no momento de aceptar a praza de mobilidade Erasmus+ algún dos seguintes perfís:

Obstáculo	Perfil
<i>Discapacidade</i>	Estudantado cun grao de discapacidade do 33 % ou superior
<i>Obstáculos socioeconómicos</i>	- Beneficiarios/as dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración xeral do Estado ou dunha bolsa do Departamento de Educación do País Vasco no curso anterior a realizar a mobilidade. - Percepción da prestación do ingreso mínimo vital/renda mínima de inserción ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza da unidade familiar - Persoas en risco de exclusión social - Familias numerosas ou monoparentais - Situacións de especial necesidade e emerxencia social consideradas pola administración competente - Vítimas de terrorismo, violencia de xénero e orfandade - Situación de dependencia, participantes con persoas dependentes ao seu cargo - Estudantado con contratos de traballo a tempo completo
<i>Problemas de saúde</i>	Situación de saúde física ou mental que xere a necesidade de apoio adicional
<i>Diferenzas culturais</i>	Condición de refuxiado/a ou con pleno dereito a protección subsidiaria, ou ter presentada unha solicitude de protección internacional en España

No caso do alumnado que reúna os requisitos de varios perfís, só deberá acreditar a pertenza a un deles, posto que a axuda adicional é a mesma, independentemente de que poida acreditar varios perfís.

A documentación necesaria para acreditar cada un dos perfís está dispoñible na [páxina web da UDC de Erasmus +](#).

7. Unha persoa con necesidades de apoio á inclusión é un/unha participante potencial cuxa situación física, psíquica ou sensorial é tal, que a súa participación nunha actividade de mobilidade non sería posible sen unha axuda financeira superior ás establecidas con carácter xeral.

Para acceder ás axudas de apoio á inclusión establecidas no Programa Erasmus+, ademais de cumprir cos criterios de elixibilidade establecidos no Programa, os/as participantes deberán ter recoñecida e cualificada legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 %, ou padecer problemas físicos, mentais ou de saúde debidamente acreditados mediante a correspondente certificación médica.

Este estudiantado poderá recibir axudas superiores baseadas en custos reais para cubrir gastos adicionais que non poidan ser cubertos coas axudas establecidas con carácter xeral, incluídas as axudas adicionais para estudantes con menos oportunidades. Estes gastos poden incluír transporte especial/adaptado no país de acollida, acompañantes, servizos profesionais que sexan imprescindibles, visitas preparatorias e outros gastos específicos derivados da súa discapacidade.

Estas axudas solicítanse pola UDC ao SEPIE, que decidirá sobre a admisión de cada solicitude individualmente, con base na documentación achegada pola persoa participante.

Toda a información sobre as axudas de apoio á inclusión e a súa solicitude está dispoñible na [páxina web da UDC de Erasmus +](#).

Artigo 21. Contías e asignación das axudas bilaterais

1. A asignación dos fondos UDC para mobilidade Bilateral realizarase pola ORI, que empregará en cada resolución unha listaxe única, resultante de compilar todas as listaxes definitivas publicadas polos centros en relación coas universidades implicadas no programa bilateral. Esta asignación efectuarase no prazo de 30 días desde a publicación das listaxes definitivas.

2. Integrará esta listaxe única a todo o estudiantado que aceptase, tras a súa adxudicación definitiva, unha praza de mobilidade na presente convocatoria. Non poderán percibir a axuda bilateral aqueles/as estudantes que percibiron unha axuda bilateral da UDC no mesmo ciclo de estudo, salvo que continúen no mesmo destino e o inicio da estadía fose no segundo semestre do curso 2024/25.

3. Para mobilidades con destino en países que non teñan a condición de países do programa Erasmus+, a persoa adxudicataria recibirá unha axuda única de 800 € por unha estadía trimestral (2-4 meses), 1000 € por unha estadía semestral (5-7 meses), e 2000 € se se trata dunha estadía anual (8-12 meses).

Estas axudas son compatibles con calquera outra complementaria para os mesmos efectos.

4. No caso de que a dotación orzamentaria do programa de mobilidade bilateral da UDC non sexa suficiente para financiar todas as estadías solicitadas con cargo á presente convocatoria, as axudas serán adxudicadas tendo en conta a nota media do expediente académico, de conformidade coa normativa que rexe o cálculo das medias na UDC. Ponderarase co coeficiente corrector de 1,17 para as titulacións técnicas.

Artigo 22. Pagamento das axudas mobilidades Erasmus+

1. O pagamento da axuda xeral farase nos seguintes prazos:

a) Primeiro prazo: iniciarase a tramitación do pagamento do 80 % da axuda de apoio individual antes do inicio da mobilidade, nas condicións que figuren no convenio financeiro que o/a estudante debe asinar antes do inicio da mobilidade.

b) Segundo prazo: iniciarase a tramitación do pagamento restante ao finalizar a estadía, no momento en que se cumpran as dúas condicións seguintes:

1º. Que o/a estudante presente na ORI:

- O certificado orixinal de fin de estadía, en que se especifique o período de mobilidade presencial e virtual, se a houbese, debidamente asinado e selado pola universidade de destino.
- O contrato de estudos con todos os cambios e modificacións realizadas, asinado en prazo polas tres partes (estudante, responsable de RRII do seu centro e responsable da universidade de destino).

2º. Que o/a estudante cubra o informe final de experiencia relativo á súa mobilidade na plataforma Beneficiary Module (BM) da UE, tras recibir no enderezo @udc.gal un aviso dos/as xestores/as do programa.

2. O pagamento das axudas adicionais por viaxe ecolóxica suxeitarase ás seguintes esixencias:

- a) O/a estudante deberá enviar á ORI, xunto co certificado de chegada a destino, as evidencias da viaxe.
- b) No caso de transporte público ecolóxico, débense enviar billetes e tarxetas de embarque.
- c) Se se acompaña a xustificación de billete de ida e volta, procederase á sinatura dunha emenda ao convenio financeiro e ao posterior pagamento da axuda adicional.
- d) Cando só se xustifique a ida da viaxe tamén se procederá á sinatura da emenda correspondente, e o pagamento quedará pendente ata que se xustifique a viaxe de volta en transporte ecolóxico.
- e) No caso de automóbil eléctrico ou compartido deberá achegar unha declaración responsable das persoas que comparten o vehículo; documentos que identifiquen o automóbil e as súas características; tickets de reposición, tickets de autoestrada e proba da quilometraxe realizada.

Artigo 23. Pagamento das axudas mobilidades bilaterais

1. O pagamento das axudas farase nos seguintes prazos:

- a) Primeiro prazo: iniciarase a tramitación do pagamento do 80 % da axuda cando se reciba na ORI o certificado de chegada á universidade de destino debidamente asinado e selado.
- b) Segundo prazo: iniciarase a tramitación do pagamento restante ao finalizar a estadía, no momento en que se cumpran as dúas condicións seguintes:

1º. Que o/a estudante presente na ORI:

- O certificado orixinal de fin de estadía, en que se especifique o período de mobilidade presencial e virtual, se a houbese, debidamente asinado e selado pola universidade de destino.

- O contrato de estudos con todos os cambios e modificacións realizadas, asinado en prazo polas tres partes (estudante, responsable de RRII do seu centro e responsable da universidade de destino).

2º. Que o/a estudante cubra o formulario denominado «Informe final de experiencia para estudantes saíntes/Final travel report for *outgoing students*», dispoñible na [páxina web da UDC de Axudas bilaterais](#).

CAPÍTULO VII. Seguros

Artigo 24. Seguros

O estudantado deberá dispor dunha cobertura de seguros axeitada para a súa mobilidade e será responsable de contratar un seguro médico, de accidentes, de asistencia en viaxe e de responsabilidade civil.

Ademais, deberá presentar á ORI un documento que acredite a contratación destes seguros e que estes cumpran os seguintes requisitos:

a) Seguro médico: será obrigatoria ter cobertura médica. Nas mobilidades dentro da UE, será suficiente con ter a Tarxeta Sanitaria Europea (TSE). No resto de mobilidades, o/a estudante deberá contratar un seguro médico persoal que cubra o destino.

b) Seguro de accidentes, asistencia en viaxe e responsabilidade civil: antes do inicio da estadía, o/a estudante deberá contratar un seguro que inclúa, polo menos, as seguintes coberturas mínimas:

1º. Transporte ou repatriación sanitaria.

2º. Transporte ou repatriación en caso de falecemento da persoa asegurada.

3º. Desprazamento e estadía dun familiar acompañante en caso de doenza ou falecemento.

4º. Interrupción de viaxe por falecemento dun familiar.

5º. Responsabilidade civil.

CAPÍTULO VIII. Obrigas das persoas adxudicatarias

Artigo 25. Obrigas antes da mobilidade

As persoas adxudicatarias dunha praza de mobilidade estarán obrigadas antes de iniciar a mobilidade a:

a) Contactar coa persoa responsable de relacións internacionais do centro para recibir información sobre a universidade de destino e elaborar o contrato de estudos.

b) Elixir institucións de destino con oferta académica suficiente para o seu recoñecemento pola UDC, asegurándose de que o plan de estudos se axuste ao seu perfil académico e poida cumprir os requisitos ou recomendacións lingüísticas impostas pola universidade de destino.

c) Comprobar o correcto funcionamento do correo institucional @udc.gal e revisar regularmente a existencia de notificacións sobre a súa mobilidade.

- d) Rexistrarse como estudante de intercambio nos prazos establecidos pola universidade de destino e enviar o contrato de estudos e a documentación que esta requira. O cumprimento deste deber é unha responsabilidade exclusiva da persoa beneficiaria.
- e) Presentar todos os documentos requiridos pola ORI segundo os modelos e dentro do prazo establecido, incluído o contrato de estudos asinado por todas as partes.
- f) En caso de mobilidade Erasmus+, realizar a avaliación inicial do idioma estranxeiro a través da plataforma OLS.
- g) Informar e xustificar á ORI sobre as condicións de menos oportunidades ao aceptar a mobilidade ou, cando a ORI o solicite, antes da repartición das axudas económicas.
- h) Asinar o convenio financeiro o día que sexa convocado/a.
- i) Formalizar a súa matrícula ordinaria na UDC segundo a normativa de xestión académica da UDC para o curso 2025/26 e aboar, no seu centro da UDC, as taxas de matrícula, o seguro escolar e, no seu caso, outros seguros. O/a estudante deberá presentar unha copia da matrícula na ORI.
- j) Contratar os seguros indicados no artigo 24 e presentar unha copia das pólizas na ORI.
- k) En caso de renuncia á axuda durante o seu período de vixencia, a persoa beneficiaria deberá comunicalo por correo electrónico á persoa responsable de relacións internacionais do centro e á ORI.
- l) Obter o [certificado electrónico de persoa física da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre \(FNMT\)](#) para asinar e tramitar todos os documentos relativos á súa mobilidade.

Artigo 26. Obrigas durante a mobilidade

As persoas adxudicatarias dunha praza de mobilidade estarán obrigadas durante a mobilidade a:

- a) Enviar á ORI, no prazo máximo de 10 días desde a súa incorporación no destino, a certificación de chegada debidamente asinada e selada pola universidade. A non entrega deste documento en prazo poderá supor a devolución parcial ou total da axuda percibida.
- b) En caso de viaxe ecolóxica achegar a xustificación correspondente, tal e como se indica no artigo 22.2 destas bases.
- c) Remitir á ORI e á administración do seu centro, dentro dos 10 días, o contrato de estudos asinado pola universidade de destino, se non o fixo previamente. En todo caso, a universidade de destino deberá asinar o contrato de estudos con data anterior ao comezo da mobilidade do/de a estudante, é dicir, antes da data que figura no certificado de chegada.
- d) Permanecer fisicamente no destino ata o final da estadía e asistir ás actividades académicas acordadas no contrato. En caso de renuncia á mobilidade durante o seu período de vixencia, o/a estudante deberá comunicalo á persoa responsable de relacións internacionais do centro e á ORI por escrito.
- e) Manter contacto periódico coa persoa responsable de relacións internacionais do centro a través do seu correo institucional @udc.gal.

- f) Cumprir as mesmas normas que o estudiantado da universidade de destino respecto dos requisitos de conduta e resultados nas aulas.
- g) Superar un número de créditos igual ou superior ao 20 % do total de créditos que cursa no centro de destino.
- h) Antes de finalizar a estadía en destino, o/a estudante Erasmus+ deberá realizar a avaliación final do idioma estranxeiro a través da plataforma OLS.

Artigo 27. Obrigas tras rematar a mobilidade

As persoas adxudicatarias dunha praza de mobilidade estarán obrigadas tras finalizar a estadía de mobilidade a:

- a) Enviar á ORI, no prazo máximo de 10 días tras finalizar a estadía, o “certificado de fin de estadía” debidamente selado e asinado pola universidade de destino, coa indicación das datas reais de inicio e fin desta. Alén disto, deberá cubrir o “informe final de experiencia”.
- b) Remitir á ORI, de modo inmediato ao finalizar a estadía, un exemplar completo do contrato de estudos, con todos os cambios e modificacións realizados, asinado por todas as partes.
- c) Solicitar ao órgano competente na universidade de destino unha certificación académica orixinal acreditativa dos estudos realizados, coa denominación das materias ou actividades e os créditos e cualificacións obtidas. Esta certificación terá que ser entregada obrigatoriamente na ORI.

No caso do estudiantado de doutoramento, deberá solicitarse unha certificación de avaliación final con descrición da actividade realizada e dedicación en horas semanais.

- d) Verificar que o recoñecemento académico se reflicta correctamente no seu expediente académico da UDC, antes de formalizar a súa matrícula do curso seguinte.

CAPÍTULO IX. Incumprimentos

Artigo 28. Incumprimentos

1. O incumprimento por parte do estudiantado de calquera dos deberes establecidos no artigo 6 do Regulamento da UDC sobre mobilidade internacional de estudantes, ou no capítulo VIII destas bases, poderá comportar as sancións previstas no regulamento.
2. Ademais do previsto no apartado anterior, as renuncias que se produzan fóra do prazo establecido e sen xustificación serán consideradas motivo de exclusión en convocatorias posteriores. Ademais, todas as renuncias suporán a obriga de devolver o importe da axuda recibida.
3. Así mesmo, en caso de non acreditar a superación dun número de créditos igual ou superior ao 20 % do total de créditos en destino incluídos no contrato de estudos, o/a estudante terá que devolver o importe da axuda recibida.

CAPÍTULO X. Protección de datos

Artigo 29. Protección de datos

1. De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, sobre a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos devanditos datos (RXPd), e o artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos facilitados pola persoa interesada mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

2. Solicitar unha destas prazas de mobilidade na UDC implica a aceptación do contido desta resolución e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, segundo a LOPD, para os efectos dunha axeitada xestión das prazas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa finalidade antes mencionada cumprirán co deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

3. Ao concorrer a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente á publicación dos seus datos na resolución da solicitude no TEO da Sede Electrónica da UDC, segundo o disposto na disposición adicional 7.^a da LOPD. A resolución desta convocatoria quedará publicada no lugar indicado. Ademais, os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para os fins do tratamento e, en todo caso, durante os prazos que estableza a lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na LOPD.

4. A persoa interesada consente ao tratamento dos seus datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efecto retroactivo. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación do tratamento dos seus datos persoais, nos termos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo do dereito que lle asiste a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Disposición adicional primeira. Tipos de mobilidade

O SEPIE establece tres tipos de mobilidade: física, combinada (*blended mobility*) e virtual. O estudantado terá dereito a recibir unha axuda económica sempre que se realice un desprazamento físico ao destino, se asista a actividades académicas presenciais e se resida no destino durante o período da estadía concedida. En todos os casos, o estudantado terá recoñecemento académico pola súa mobilidade, ben sexa física, combinada ou virtual.

Disposición adicional segunda. Responsabilidade

A UDC non se fará responsable dos gastos en que puidese incurrir o estudantado antes da mobilidade, sen ter sido rexistrado e aceptado oficialmente pola universidade de destino.

Disposición adicional terceira. Información

Poderá obterse máis información sobre estas bases e a convocatoria na ORI da UDC:

Campus da Coruña

Tel: 881 01 19 59

outgoing.rrii@udc.gal

Campus de Ferrol

Tel: 881 01 36 34

riferrol@udc.gal

Disposición final primeira. Recursos

Esta resolución poderá ser recorrida mediante un recurso potestativo de reposición, ante o/a reitor/a da UDC, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da LPACAP, ou ben directamente mediante un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da LXCA.

Disposición final segunda. Eficacia

Esta resolución reitoral despregará os seus efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

ANEXOS

Anexo I. Certificados admitidos para a acreditación do coñecemento de idiomas

Anexo II. Número máximo de destinos por centro e valoración doutros méritos

Anexo III. Calendario de procedementos

Anexo IV. Aceptación da mobilidade con fins de estudos

Anexo V. Renuncia da mobilidade con fins de estudos

ANEXO I. Certificados admitidos para a acreditación do coñecemento de idiomas

Táboas de certificados válidos para a acreditación de nivel de idiomas e a súa correspondencia co MCERL

No seguinte cadro inclúense as equivalencias de nivel que se aplicarán, só para efectos desta resolución, aos cursos de idiomas realizados no Centro de Linguas da UDC:

Idioma	Nivel				
Alemán			A2		
Francés			A2		B2
Inglés				B1	B2
Italiano			A2		
Portugués	CELGA 4 ou equivalente	A1			

1. O certificado B2 esixírase para as mobilidades a institucións da Alianza EMERGE: Rennes2 (Francia), Université de Bretagne Sud (Francia), University of Limerick (Irlanda), Democritus University of Thrace (Grecia), Europa-Universität Flensburg (Alemaña), Innland Norway University of Applied Sciences (Noruega), Univerzita Mateja Bela (Eslovaquia) e Neapolis University Pafos (Chipre).

2. Acéptase os certificados que estean incluídos nas táboas de ACLES e/ou CRUE. As listaxes de certificados válidos e as súas equivalencias de nivel pódense consultar en:

[ACLES \(Asociación de Centros de Linguas de Enseñanza Superior\)](#)

[CRUE \(Conferencia de Reitores das Universidades Españolas\)](#)

3. Acéptanse todos os certificados das escolas oficiais de idiomas (EOI).

ANEXO II. Número máximo de destinos por centro e valoración doutros méritos

Centros UDC	N.º máx. elección destinos	Valoración doutros méritos ata un 5 %
CAMPUS DA CORUÑA		
EU de Arquitectura Técnica	4	Non
EU de Enfermaría	4	Non
EU de Relacións Laborais	4	Non
ETS de Arquitectura	4	Non
ETS de Náutica e Máquinas	4	Non
ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos	4	Non
Facultade de Fisioterapia	4	Valorarase: a) participar nalgún grupo práctico en inglés das materias ofertadas en 2.º e 3.º curso de grao; b) ser bolseiro/a dos laboratorios da Facultade de Fisioterapia ou do Departamento de Fisioterapia; c) ser representante de estudantes nas xuntas de facultade ou nos consellos de departamento de Fisioterapia; d) participar en actividades, xornadas ou congresos organizados pola Facultade ou Departamento de Fisioterapia ou en colaboración co Colexio de Fisioterapeutas de Galicia; e e) o coñecemento superior ao esixido do idioma de destino, cando se xustifique (táboas ANEXO I).
Facultade Ciencias do Deporte e a Educación Física	4	Non
Facultade de Ciencias	4	Non
Facultade de Ciencias da Comunicación	4	Valorarase: a) o coñecemento superior ao esixido do idioma de destino, cando se xustifique (táboas ANEXO I); e b) presentar cursos relacionados coa comunicación audiovisual ou a creación dixital, animación e videoxogos, segundo o seu grao

Centros UDC	N.º máx. elección destinos	Valoración doutros méritos ata un 5 %
		de orixe.
Facultade de Ciencias da Educación	4	Non
Facultade de Dereito	4	Valorarase o coñecemento superior ao esixido do idioma de destino, cando se xustifique (táboas ANEXO I).
Facultade de Economía e Empresa	4	Non
Facultade de Filoloxía	4	Valorarase: a) o coñecemento superior ao esixido do idioma de destino, cando se xustifique (táboas ANEXO I); e b) o coñecemento doutras linguas estranxeiras.
Facultade de Informática	4	Non
Facultade de Socioloxía	4	Non
Facultade de Ciencias da Saúde	4	Non
Facultade de Turismo	4	Non
CAMPUS DE FERROL		
EU de Deseño Industrial	4	Non
Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol	4	Non
Facultade de Ciencias do Traballo	4	Non
Facultade de Enfermaría e Podoloxía	4	Non
Facultade de Humanidades	4	Valorarase: a) o coñecemento superior ao esixido do idioma de destino, cando se xustifique (táboas ANEXO I); e b) o coñecemento doutras linguas estranxeiras.

ANEXO III. Calendario de procedementos

PRIMEIRO PRAZO

Apertura do prazo de solicitudes	Día seguinte á publicación da convocatoria TEO, Sede Electrónica UDC
Fin do prazo de solicitudes	24/01/2025
Revisión de solicitudes pola ORI e publicación da listaxe provisoria de admitidos/excluídos	07/02/2025
Publicación da listaxe definitiva de admitidos/excluídos e envío das listaxes aos centros	26/02/2025
Publicación das listaxes provisionais de destinos adjudicados (web dos centros)	05/03/2025
Prazo de alegacións	12/03/2025
Publicación das listaxes definitivas (web dos centros e da ORI)	19/03/2025
Prazo de aceptación dos destinos outorgados (obligatorio 5 días hábiles antes do prazo límite indicado pola universidade de destino)	Do 31/03/2025 ao 02/04/2025

SEGUNDO PRAZO (movilidades no segundo semestre 2025/26)

Apertura do prazo de solicitudes	02/06/2025
Fin do prazo de solicitudes	13/06/2025
Revisión de solicitudes pola ORI e publicación da listaxe provisoria de admitidos/excluídos	30/06/2025
Publicación da listaxe definitiva de admitidos/excluídos e envío das listaxes aos centros	16/07/2025
Publicación das listaxes provisionais de	23/07/2025

destinos adxudicados (web dos centros)	
Prazo de alegacións	31/07/2025
Publicación das listaxes definitivas (web dos centros e da ORI)	07/08/2025
Prazo de aceptación dos destinos outorgados (obrigatorio 5 días hábiles antes do prazo límite indicado pola universidade de destino)	Do 25/08/2025 ao 27/08/2025

ANEXO IV. Aceptación da mobilidade con fins de estudos

D./Dña.
con DNI/NIE/pasaporte estudante da Facultade/Escola de
.....

1.º Acepto a mobilidade con fins de estudos para o curso académico 20...../20.....,
concedida para ir á

Período de estudos:

- ☐ Primeiro semestre
- ☐ Segundo semestre
- ☐ Todo o curso académico
- ☐ Outras datas (especifíquese):

2.º Declaro baixo a miña responsabilidade, sobre a bolsa

- ☐ Erasmus+
- ☐ Bilateral SM (da UDC)

(escóllase unha opción)

- ☐ Que **non solicitei nin se me concedeu** ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicito esta bolsa.
- ☐ Que solicitei e/ou **se me concederon** outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicito esta bolsa e que son as que a continuación relaciono:

Organismo	Importe (€)	Estado*

** No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase **PENDENTE**, e informarase por escrito á ORI coa maior brevidade sobre calquera cambio no estado. No caso de solicitudes denegadas, farase constar **DENEGADA**.*

(escóllase unha opción)

- ☐ Que o número de conta bancaria que indiquei na miña solicitude de mobilidade internacional **é correcto**. Esta conta está ao meu nome e está aberta en España.
- ☐ Que o número de conta bancaria que indiquei na miña solicitude de mobilidade internacional **NON é correcto** por non cumprir os requisitos da resolución.

- ☐ Que realizarei unha **viaxe ecolóxica** con medio/s de transporte: *(indíquese o medio de transporte elixido)*
- ☐ Que cumpro os requisitos para solicitar unha axuda adicional para **persoas con menos oportunidades**, tal como se definen nesta resolución e achego canda este impreso a documentación xustificativa correspondente.
- ☐ Que autorizo á ORI a consultar no meu expediente académico as condicións de menos oportunidades comprobables na matrícula, tal como se definen nesta resolución.

3.º Manifesto que coñezo, cumpro e acepto as condicións da mobilidade e comprométome a cumprir os termos do contrato de estudos asinado.

(Antes de asinar este documento, debe ler a información básica sobre protección de datos que figura no artigo 29 desta resolución)

A Coruña/Ferrol,de de 20.....

(asinado electronicamente)

ANEXO V. Renuncia á mobilidade con fins de estudos

D./Dña.
con DNI/NIE/pasaporte estudante da Facultade/Escola de
.....,

Renuncio á mobilidade con fins de estudos para o curso académico 20...../20.....,
concedida para ir a
no seguinte período, polo seguinte motivo:

.....
.....
.....

*(Antes de asinar este documento, debe ler a información básica sobre protección de datos
que figura no artigo 29 desta resolución)*

A Coruña/Ferrol,de de 20.....

(asinado electronicamente)